

PROPOSTA DE CRITERIOS PARA A CERTIFICACIÓN NO SPG DOS GRUPOS DE CONSUMO

DE OBRIGADO CUMPRIMENTO:

-Compromiso de mercar preferentemente os produtos que cumpran os criterios de produción e distribución sinalados para este selo.

-Non serían admisibles grupos que consumiran produtos de agricultura convencional.

VALORARÍASE POSITIVAMENTE:

-A organización do grupo: deberá ser asemblearia, participativa, transparente horizontal e aberta (a toda a xente que acepte os criterios).

-Que o grupo teña obxectivos máis amplos que o mero consumo. Que valore aspectos sociais, de cooperación e ben común, coidado do medio, saúde, divulgación e formación...

-Priorizar os portes que supoñan un menor consumo enerxético, facendo pedidos a longo prazo para produtos non perecedeiros e tendo en conta a distancia dxs provedorxs.

-Xuntarse con outros grupos de consumo para realizar pedidos conxuntos.

-Facer o pagamento directo ás produtoras evitando, sempre que sexa posible, a intervención dos bancos (transferencias ou ingresos) e de ser necesario preferindo entidades de finanzas éticas.

-Facer actividades de formación interna e da cara a veciñanza sobre temas relacionados coa agroecoloxía e a alimentación.

-O uso de moeda social no grupo e no selo como alternativa ao euro. Admitir e usar o troco.

-A realización de actividades conxuntas ou formativas con outros grupos de consumo que quixeran formar parte do selo.

-Ter en conta o aspectos social das produtoras. Preferencia por proxectos pequenos ou familiares, empresas de pequeno tamaño, preferentemente cooperativas...

-Consumir produtos de comercio xusto.